

Distancia: 21,83 km.

Distancia lineal: 16,11 km.

Altura máxima: 390 m.

Altura mínima: 250 m.

Pendiente máxima: 10,16 %

Pendiente mínima (baixada): 9,6 %

1- Pena do Raposo

2- Pereira

3- Alvarín

4- Amenal

5- N-547

6- O Pazo

7- Figueiroa

8- A Igrexa

9- N-634

10- Capela de Santiso

11- N-6341

12- A Tarroeira

13- Ponte Puñide

14- A Bugalleira

15- O Mesón

16- Santo André

17- Gonzar

18- Amarelle

19- San Gregorio

20- Cimacevila

21- Cerdeira

22- O Couto Pequeno

1. INTRODUCCIÓN

No Imperio Romano máis de 80.000 km de calzadas enlazaban os fortes, os campamentos de lexionarios, as cidades as poboacións e os portos. Foron creadas incientemente para o avance ou desprazamento das lexións romanas, mais axiña se aproveitaron para fins administrativos e comerciais. Por elas discorrián o servizo postal, os decretos gubernamentais e o tráfico comercial ordinario dunha Roma en expansión.

Un dos documentos máis importantes do Imperio Romano é o famoso Itinerario de Antonino, un documento que recolle as 372 vías máis importantes que se estendían dende Roma ata os puntos máis afastados do territorio coñecido, entre eles Gallaecia.

Polo Concello de O Pino discorre a Vía XIX, un deses itinerarios recollidos por Antonino, que atravesa o municipio polas parroquias de San Miguel de Pereira, Castroleito e Gonzar.

Valoración Mide (Método de información de excursións)

Medio

1 | 2 | 3 | 4 | 5

Itinerario


1 | 2 | 3 | 4 | 5

Desprazamento

1 | 2 | 3 | 4 | 5

Esfuerzo

1 | 2 | 3 | 4 | 5



Rutas

Para describir as rutas, empregaremos criterios estándar de catalogación e deseño de rutas, para facilitar aos lectores do proxecto a interpretación da mesma e darlle un contido internacionalmente recoñecido.

Empregaranse os criterios terminolóxicos da Federación Española de Montaña e Escalada (FEDME), da Federación Galega de Montañismo e do Método de Información De Excursións (MIDE) para a determinación dos parámetros principais de clasificación da ruta.

O sistema MIDE é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as esixencias técnicas e físicas dun percorrido. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das sendas. A valoración faise de 1 a 5 puntos tendo en conta os seguintes criterios:

Severidade do medio natural

Exento de riscos.

Hai máis dun factor de risco na ruta.

Varios factores de risco.

Bastantes factores de risco.

Moitos factores de risco.




2. DESCRICIÓN DO ITINERARIO

A Via XIX entra no Concello de O Pino a través da parroquia de Pereira, procedente de Loureda (Boqueixón) e pasa moi preto da igrexa parroquial de San Miguel de Pereira. Deixando atrás esta parroquia o camiño segue por Alvarín para pasar despois por un desvío cara Alvite, e continuar todo recto pola estrada ata atopar a N-547 á altura do Amenal.

Neste cruzamento xírase á esquerda para continuar pola estrada nacional. Ao pouco atópase unha intersección á dereita en dirección Castrofeito, cara a onde hai que dirixirse. Continúase ata atopar unha confluencia de estradas e cóllese á esquerda. Vanse pasando varios desvíos a ambos lados ata chegar ao Pazo.

Crúzase o Pazo e séguese ata a bifurcación que hai baixo un tendido eléctrico, onde se torce á esquerda.



Pouco despois atópase unha estrada á dereita cara a Rial, pero séguese pola esquerda ata pasar outro desvío á man esquerda que se ignora. Continúase camiñando, achegándose ata a N-634. Un pouco máis adiante pode verse a igrexa parroquial de Santa María de Castrofeito, no lugar do Pazo. Continúase ata chegar á Casa do Xuíz.

Séguese e atópase outro cruzamento, no que se debe torcer á esquerda para coñecer o depósito arqueolóxico de Agra de Santiso, onde se atoparon restos da calzada romana, dúas aras e unha estela funeraria. Séguese e na primeira intersección á dereita,



Orientación no itinerario

Camiños e cruzamentos ben definidos.

Existe traza clara de camiño e sinalizacións.

Exixe a identificación de accidentes xeográficos e puntos cardinais.

Non existe traza sobre o terreo nin seguridade de contar con puntos de referencia.

O itinerario está interrompido por obstáculos que hai que bordear.



Dificultade no desprazamento

Marcha por superficie lisa.

Camiños con diversos firmes.

Marcha por sendas escalonadas ou terreos irregulares.

É preciso o uso das mans ou saltos sobre o terreo.

Require o uso das mans para a progresión.

Cantidade de esforzo necesario

Ata 1 hora de marcha

De 1-3 horas de marcha

De 3-6 horas de marcha


De 6-10 horas de marcha

Máis de 10 horas de marcha

vírase e desembócase na N-634. Hai que camiñar moi pouco, ata outro cruzamento á dereita que leva a esa estrada nacional. Unha vez nela, séguese todo recto ata que, nunha intersección, pode verse a Capela de Santiso. Xunto a ela atópase un sinal de dirección de vía semicilíndrica.

Dende aquí continúaase de fronte pola estrada onde está situada a capela. Un pouco máis adiante hai outro cruzamento, onde se torce cara á dereita, xusto antes da ponte que cruza a nacional cóllese á esquerda. Máis adiante atópase coa estrada nacional noutra intersección, onde queda á man esquerda o sanatorio da Robleada.

Continúase a ruta polo camiño que queda á esquerda da estrada nacional no que máis adiante se ve unha encrucillada a ambos os dous lados da nacional, que



indica Budiño e Pedrouzo. Séguese camiñando de fronte, e nese punto acábase a estrada asfaltada e substitúea un camiño de terra. Continúase e tras uns 300 metros o camiño acábase.

Crúzase a N-634 e despois vese unha indicación cara a Rabal, onde morre o camiño. A partir deste punto débese seguir un tramo curto pola nacional e logo vólvese a virar cara á dereita por un pequeno tramo asfaltado que despois se transforma en camiño de terra.

Séguese polo camiño da dereita; ignórase un desvío á dereita dirección a Pedrouzo, e aquí, fronte a unha casa, parece que o camiño termina, pero debemos ir á dereita, bordeando a casa por detrás.

Metémonos por un camiño que vai cruzar o Río Mera, pasando por Ponte Puñide. Este lugar foi asentamento romano, con carácter de estación oficial, xa que se atoparon varios obxectos da época como un modio e unha figura de

bronce, así como un sestercio e unha tégula. Neste lugar atópase de novo unha mesa interpretativa da Vía XIX.

Continúase polo camiño da dereita e pásase un desvío á esquerda para entrar en Vilar, onde remata ese camiño. Despois hai que seguir por un tramo de estrada e volve aparecer un camiño, ata unha indicación de Lameiro cara á esquerda. Neste punto é obrigado de novo saír á N-634 ata que de novo aparece o camiño. Despois chégase ao cruzamento de Gonzar, onde se toma a segunda estrada á dereita.

Máis adiante atópase unha intersección na que hai que coller o camiño da dereita. Comeza a baixar e aparece outro cruzamento e un desvío á dereita. Séguese de fronte, entre dúas casas. Na seguinte encrucillada vírase á esquerda.

Séguese camiñando e, no seguinte cruzamento, cóllese á esquerda. Pasando Amarelle, atópase un sinal de STOP, onde se torce á dereita. Ignórase o camiño de terra que aparece á esquerda e cóllese o seguinte desvío á esquerda, que leva a unha granxa. Antes de chegar á granxa tórcese á dereita, xusto antes dunha propiedade privada, para seguir polo camiño de terra.

Continúase por ese camiño ata que cruza coa estrada. Neste punto tórcese á dereita e no seguinte cruzamento á esquerda. Séguese un tramo recto e encóntranse algunhas casas entrando en Cimadevila. Ao pasar estas casas vese outro cruzamento, tamén sen



asfaltar e o camiño segue de fronte. Continúase e atópase unha explotación gandeira á esquerda e, á mesma altura, un camiño que se mete á dereita. A partir de aquí o camiño continúa polo limítrofe Concello de Arzúa



Para máis información, como mapas da ruta, descarga de trazados para o gps, waypoints, etc., visite:

www.patrimoniodeopino.es